

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CURROS ENRÍQUEZ

CURSO: 3º ESO

MATERIA: Lingua Castelá e Literatura

DEPARTAMENTO: Lingua Castelá e Literatura

DATA: Maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias	2
1.1. Estándares imprescindibles	2
1.2. Estándares de ampliación para alumnos avanzados	3
2. Avaliación e cualificación	6
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	8
4. Información e publicidade	9

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e tipo de texto.
	LCLB2.1.2. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.
B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.	LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e dialogados, identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.
B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria para a explicación dos usos da lingua.	LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.
B3.3. Observar, recoñecer e explicar os usos dos grupos nominais, adxectivais, verbais, preposicionais e adverbais dentro do marco da oración simple.	LCLB3.3.1. Identifica os grupos de palabras en frases e textos, diferenciando a palabra nuclear do resto das palabras que o forman, e explica o seu funcionamento no marco da oración.
	LCLB3.3.2. Recoñece e explica nos textos o funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar como complementos verbais argumentais e adxuntos.
B4.5. Comprender textos literarios representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro recoñecendo a intención do/da autora, relacionando o seu contido e a súa forma cos contextos socioculturais e literarios da época, identificando o tema, recoñecendo a evolución dalgúns tópicos e formas literarias, e expresando esa relación con xuízos persoais razoados.	LCLB4.5.1. Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.
	LCLB4.5.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do autor/a e o contexto, o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais e razoados.

ESTÁNDARES DE AMPLIACIÓN PARA ALUMNOS AVANZADOS DE 3º DE ESO, INCLUIDOS EN TAREFAS TOTALMENTE VOLUNTARIAS E DE LIBRE ELECCIÓN.

B1.1. escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.3. Resume textos, de forma oral, recollendo as ideas principais integrándoas con claridade en oracións que se relacionen lóxica e semanticamente.
B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada etc.).	LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.
	LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.
B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.
B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	LCLB2.1.3. Avalía o seu proceso de comprensión e de lectura usando sinxelas fichas de autoavaliación.
B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando en todo momento as opinións das demais persoas.	LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación do significado dun texto.
B2.4. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.
B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.5.1. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía e presentación), e avalía a súa propia produción escrita o a dos seus compañeiros.
	LCLB2.5.2. Reescribe textos propios ou alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita, axustándose ás normas ortográficas e gramaticais que permiten unha comunicación fluída.
B2.6. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	LCLB2.6.2. Utiliza variados organizadores textuais nas exposicións e argumentacións.

	LCLB2.6.3. Resume textos xeneralizando termos que teñen trazos en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen lóxica e semanticamente, evitando parafrasear o texto resumido.
B2.7. Valorar a importancia da escritura como ferramenta de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.	LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento capaz de organizar o seu pensamento. LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse.
B3.4. Recoñecer, usar e explicar os elementos constitutivos da oración simple.	LCLB3.4.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciado suxeito e predicado e interpretando a presenza ou ausencia do suxeito como unha marca de actitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor.
B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.	LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.
B3.7. Interpretar adecuadamente os discursos orais e escritos tendo en conta os elementos lingüísticos, as relacións gramaticais e léxicas, a estrutura e disposición dos contidos en función da intención comunicativa.	LCLB3.7.2. Identifica estruturas textuais (narración, descrición, explicación e diálogo), explica os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e a mellora de textos propios ou alleos.
B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás súas afeccións, amosando interese pola lectura.	LCLB4.1.1. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.
B4.2. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, contribuíndo á formación da personalidade literaria.	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente o seu criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.
B4.4. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento	LCLB4.4.1. Fala en clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros.

de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	
B4.7. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas, para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	<p>LCLB4.7.1. Achega nos seus traballos escritos e orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, calidade e coherencia.</p> <p>LCLB4.7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos</u>: Análise das producións dos alumnos. Cuestionarios.</p> <p><u>Instrumentos</u>: Caderno de clase. Textos escritos. (No caso dos alumnos avanzados, nas tarefas voluntarias: gravación de vídeos; cuestionarios pechados de autoavaliación).</p>
Cualificación final	<p>Para calcular a cualificación final de xuño aplicaremos os seguintes criterios:</p> <p>A) ALUMNOS QUE SÓ REALIZARON AS TAREFAS IMPRESCINDIBLES:</p> <ul style="list-style-type: none"> • De 0 a 3 tarefas con estándares imprescindibles entregadas: mesma cualificación que na segunda avaliación. • 4 ou 5 tarefas con estándares imprescindibles entregadas: <ul style="list-style-type: none"> ○ se a media das tarefas é máis dun punto inferior á da segunda avaliación, a cualificación será a mesma que na segunda avaliación. ○ se a media das tarefas é igual ou ata 1 punto inferior á da segunda avaliación, a cualificación final será 1 punto máis que a da segunda avaliación. ○ se a media das tarefas é superior á da segunda avaliación: 2 puntos máis que na segunda avaliación. <p>B) ALUMNOS QUE, ADEMAIS DAS TAREFAS IMPRESCINDIBLES, REALIZARAN TAREFAS VOLUNTARIAS DE AMPLIACIÓN. Para obter a cualificación final destes alumnos, faremos sucesivamente os seguintes cálculos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ 1º: Obteremos a media aritmética das tarefas de realización obrigatoria (estándares imprescindibles). ✓ 2º: Á media obtida nas tarefas de realización obrigatoria, sumaremos 0,2 puntos por cada unha desas tarefas nas que o alumno optara por un procedemento avanzado de realización fronte ao procedemento simple esixido ao conxunto dos estudantes (comentario de texto autónomo fronte ao comentario guiado obrigatorio); ou 0,3, se a cualificación de cada tarefa feita por dito procedemento avanzado é de 8 ou superior. ✓ 3º: Sumaráselle tamén á media 0,2 puntos por cada tarefa voluntaria de ampliación que o alumno realizara; ou 0,3 se a

	<p>calificación obtida nas tarefas voluntarias é 8 ou superior.</p> <p>✓ Unha vez calculada a suma dos conceptos anteriores, aplicaremos os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ se o resultado é máis dun punto inferior á da segunda avaliación: mesma nota ca na segunda avaliación. ○ se o resultado é igual ou ata 0,99 puntos inferior ao da segunda avaliación: 1 punto máis que na segunda avaliación. ○ Se o resultado supera o da segunda avaliación, este resultado substituirá ao da segunda avaliación e, se o alumno ten todas as actividades imprescindibles feitas, non poderá ser en ningún caso inferior a 2 puntos máis que na segunda avaliación. O redondeo farase á alta a partir das 6 décimas que excedan á unidade correspondente. <p>A cualificación da 3ª avaliación e a da avaliación ordinaria de xuño coincidirán.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Non haberá proba extraordinaria de setembro de Lingua Castelá, posto que todos os alumnos superarán a materia en xuño por teren aprobada a segunda avaliación.
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnos coa materia de 3º ESO pendente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades para todos os alumnos, de reforzo de contidos, estándares e competencias xa traballados nos dous primeiros trimestres. Algunhas destas actividades non se limitan a repetir os mesmos materiais xa traballados na aula, senón que poden versar sobre contidos parcialmente novos (por exemplo, seguir avanzando no estudo cronolóxico da Literatura), pero sen engadir estándares e criterios de aprendizaxe novos, nin habilidades diferentes. • Actividades voluntarias de ampliación para alumnos avanzados que non presentaran problemas de aprendizaxe nos dous primeiros trimestres. • Actividades onde se pode optar por un procedemento sinxelo de realización (alumnos de reforzo), ou un procedemento complexo de realización (alumnos avanzados) onde se poñen en práctica máis habilidades e se avalían máis estándares que no procedemento sinxelo. Os alumnos poden escoller un modo ou outro de realización sen que, en ningún caso, a elección poida supoñer prexuízo para eles.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ○ Gravación das clases en videotutoriais que recollen a voz da profesora, máis a escritura manual e mecánica na pantalla, que funciona a xeito de encerado. Permite unha metodoloxía semellante á utilizada na aula física, coa vantaxe de que o alumno pode escoitar a lección as veces que queira e logo preguntar dúbidas, pedir aclaracións ou exemplos adicionais, utilizando como medio de comunicación a propia aula virtual de <i>Google Classroom</i>. Tamén permite inserir imaxes xunto ás explicacións. ○ Ademais proporcionánselles os alumnos todos os materiais (documentos, vídeos, páxinas web, actividades interactivas) necesarias para realizar as tarefas e unhas instrucións detalladas e minuciosas do procedemento que deben seguir. Ata certo punto, simplifícanse os contidos que se verían na clase en condicións normais. ○ Por outra parte, adaptámonos á diversidade, tanto de capacidades como ás posibles circunstancias adversas que poidan estar vivindo nos seus lugares de confinamento, establecendo tarefas flexibles e a posibilidade de escoller entre distintas modalidades de traballo. <p>Todos os alumnos deste grupo dispoñen de equipos informáticos para o seguimento das clases. Se algún tivera problemas puntuais de conectividade pode poñerse en contacto co centro para establecer outro xeito de recibir e entregar as tarefas.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Plataforma de aula virtual <i>Google Classroom</i>. • Ferramenta <i>Educreations</i> para a gravación das clases e realización de videotutoriais por parte da profesora. • Libro dixital de Lingua Castela e Literatura 3º de ESO, a disposición de todos os alumnos por xentileza da editorial Vicens Vives, que o facilita de xeito gratuíto durante o período de confinamento. • Documentos de texto, enlaces a páxinas web, actividades interactivas, vídeos e outros recursos semellantes que a profesora facilita aos alumnos a través da plataforma <i>Google Classroom</i> ou por correo electrónico.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado e as familias poderán consultar esta programación na páxina web do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.